

Unidade: Lectura de Imaxes

Proposta de exercicio: Leis de organización da forma

Coas formas que hai en cada un dos rectángulos realiza unha composición baseandote na lei que se indica debaixo.

As leis da organización da forma interactúan co fin de obter o que os teóricos da Gestalt denominan "a boa forma", a forma "correcta" ou a forma "mellor".


As leis da organización da forma:

Lei da proximidade: os elementos próximos no espazo e / ou tempo, axúdannos a agrupalos nunha totalidade.


Lei da continuidade: Toda unidade lineal tende a ser continua na mesma dirección e co mesmo movemento.

Lei do peche ou cerramento: Tendemos a organizar as unidades ópticas en conxuntos compactos e pechados. Tendemos a encher os intervalos entre as unidades. Se temos unha forma parcialmente pechada tendemos a completala.


Lei da semellanza ou igualdade: Os elementos semellantes tenden a agruparse ou relacionarse. A semellanza pódese basear en calquera criterio: tamaño, textura, cor, significado etc...




Lei de proximidade



Lei de peche ou cerramento



Lei da continuidade



Lei da semellanza ou igualdade